

RESOLUCIÓN N° 239/2015

Nos Orzamentos xerais deste Concello do ano 2014 prorrogado para o ano 2015, está prevista a provisión, en réxime laboral temporal de operarios limpeza de praias constando así mesmo, no expediente certificación de existencia de crédito emitida pola Intervención do Concello en data de 15 de maio de 2015 para a cobertura de 10 prazas de operarios de limpeza de praias.

En data de 15 de maio de 2015 , polo concelleiro de seguridade cidadá, turismo, medio rural e mar se emite informe xustificativo da contratación.

En data de 19 de maio de 2015 dítase resolución n° 238/2015 pola que se declara como sector ou servizo prioritario, aos efectos do cumprimento do disposto no artigo 21.2 da Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015 (BOE de 30 de decembro), a limpeza das praias de Malpica.

Á vista de todo o anterior, visto o informe de secretaría emitido ao respecto en data de 19 de maio de 2015 e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases para a provisión, como persoal en réxime laboral temporal de **10 PEÓNS DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS** que a continuación se transcriben:

"CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN DE 10 PEÓNS DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

BASES

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a tempo completo, na modalidade de "obra ou servizo determinado", e utilizando o sistema de oposición como sistema de selección, de DEZ (10) PEÓNS para a limpeza das praias do concello de Malpica de Bergantiños.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as que se requiran para manter a praia, o seu contorno e os accesos viarios ás mesmas en perfectas condicións para que poidan poñerse a disposición dos cidadáns.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓNS.

MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO.- Contrato de duración determinada a tempo completo por obra ou servizo determinado

XORNADA: 40 horas prestadas semanalmente cos descansos que establece a Lei, prevéndose quendas para a limpeza das praias en domingos e festivos.

DURACIÓN: dous meses e 15 días, dende a súa sinatura (previsible que o contrato se inicie o día 16 de xuño ao 30 de agosto de 2015).

RETRIBUCIÓNS: As retribucións desglósanse do seguinte xeito:

- Salario base mensual:	657,58 euros
- Rateo paga extra:	109,60 euros
TOTAL MES:	767,18 euros

TERCEIRA.-CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

1.-Para ser admitidos ás probas selectivas de acceso á devandita praza os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, de 23 de decembro, e na L.O. 4/2000, de 11 de xaneiro.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das función ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte.

A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e función correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Malpica de Bergantiños no prazo de **7 días naturais**, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria da respectiva praza no periódico "La Voz de Galicia", sen prexuízo de que a efectos meramente informativos se decida a súa publicación na páxina web municipal (www.concellomalpica.com).

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

2.-Á instancia unirase inexcusablemente:

a).-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b).-Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais ou copia do xustificante de ingreso na conta municipal designada de seguido, cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta (nº de conta para abono bancario **IBAN ES36 2080 0030 9631 1000 0041 de ABANCA**).

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en **6 euros**, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

3.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquer intre, de oficio ou a petición de interesado.

4.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a

presentación de solicitudes, transcurrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.-ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde- Presidente do Concello ou concelleiro en quen delegue dictará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello (e sen prexuízo de que a efectos meramente informativos se poida publicar na páxina web do Concello).

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **2 días hábiles** contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a data de reunión do Tribunal cualificador, que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.-O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente:

- **Presidente:** Funcionario de grupo A.

- **Secretario:** A titular da Corporación ou funcionario en quen delegue (que actuará con voz pero sen voto).

- **Vogais:** O alcalde designará os seguintes:

1.- Un/unha traballador/a laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello

2.-Un/unha traballador laboral fixo/a ou funcionario/a do Concello

2.-Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

3.-Asemade, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal de acordo co disposto no artigo 29 da devandita Lei.

4.-O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

5.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e éstos limitaránse únicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

6.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.-A Alcaldía-Presidencia resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

SÉTIMA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

1º.- Exercicio (eliminatorio)

Consistirá na realización dun exame tipo test na que se contestará nun tempo máximo de 30 minutos un cuestionario de 12 preguntas, a determinar polo Tribunal antes da realización da proba, sobre o seguinte contido:

Tema 1.- Xestión de residuos sólidos urbanos: Nocións básicas. Clasificación de residuos.

Tema 2.- Competencias municipais no ámbito de actuación da limpeza de praias.

Tema 3.- Contidos sobre ferramentas e maquinaria propias dunha praza de peón de medio ambiente.

Tema 4.- Disposicións de seguridade e saúde nos lugares de traballo. A prevencións de riscos laborais.

Tema 5.- Coñecemento do termo municipal e da toponimia local: _cuestións sobre coñecemento do territorio municipal (principais nucleos urbanos, áreas de ocio e recreo do Concello, praias, etc).

Tema 6.- Ordenanza municipal reguladora do servizo de recollida e tratamento de residuos urbanos do Concello de Malpica de Bergantiños.

Os aspirantes serán convocados provistos do DNI por orde alfabética do seu primeiro apelido, a non presentación no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar e quedará excluído do proceso selectivo.

Esta proba puntuarase ata un máximo de **6 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 2 puntos.**

2º.- Exercicio (eliminatorio).

Consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acorde coa praza (por exemplo a título meramente orientativo: manexo dunha desbrozadora manual ou outras, a determinar polo tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización), debendo ser executados no tempo e forma que o Tribunal determine. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aquelas outras que determine o tribunal.

A proba terá unha duración de entre 5 a 10 minutos.

Puntuarase a mesma **ata un máximo de 5,00 puntos.**

No caso de que os aspirantes non se presenten á proba práctica quedarán excluídos do presente proceso de selección, salvo causas de forza maior xustificada que sexan apreciadas polo Tribunal, que no seu caso poderá excepcionalmente habilitar outro día para a realización da proba a este aspirante.

OITAVA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes (a puntuación final do proceso será a resultante de sumar ás puntuacións obtidas na fase de oposición correspondentes ao primeiro e segundo exercicio) o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

En caso de empate, atenderase a mellor nota obtida na proba práctica, e de persistir o empate, o tribunal acordará a realización dunha **Entrevista** que poderá versar sobre: Coñecementos en materia de prevención de riscos laborais; competencias municipais en materia de limpeza viaria e de praias; coñecemento do termo municipal de Malpica (parroquias, núcleos, rede viaria, praias, etc); O Municipio. Concepto e elementos. Os órganos de Goberno municipais.

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes aprobados.

3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de limpeza de praias.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

NOVENA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de **2 días hábiles**, contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos seguintes:

a.-Fotocopia compulsada polo Secretario/a do Concello do Documento Nacional de

Identidade e demais méritos alegados ós que se refire a cláusula sétima.

b.-Informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza á que optou, ou que non lle impida o desenvolvemento dunha actividade laboral normal.

c.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

d.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e.-Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

f.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.-A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Lei 7/2007, de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación.

ANEXO I

1.-POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN LIMPEZA DE PRAIAS		
2.- CONVOCATORIA:		
3.- DATOS PERSOAIS		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA NACEMENTO	LUGAR NACEMENTO	PROVINCIA NACEMENTO
DNI	DOMICILIO	TELÉFONO
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

A secretaria

Eduardo José Parga Veiga

Mónica Pichel García